

O HOME, A VALORACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS E O DEREITO DE PROPIEDADE

Xornada de estudio sobre ética ambiental

Luis Carlos Fernández-Espinar
Universidade Politécnica de Madrid

INTRODUCCIÓN

O termo “Ética” resérvase para a ciencia que se refire ó estudio filosófico da acción e da conducta humanas consideradas na súa conformidade ou disconformidade coa recta razón.

A Ética proponse como obxectivo a fundamentación teórica da orde práctica humana e a súa regulación. Trata de obter, mediante un método adecuado e apoiada nuns principios de validez universal, un coñecemento certo e sistemático da debida ordenación da conducta humana.


Estes principios de validez universal son os que poden ser obxecto de debate ou controversia pero, en todo caso, existen unha serie de principios naturais aceptados unanimemente e que se dirixen ó desenvolvemento da persoa como tal e, obviamente, ás súas relacóns cos demás.

A Ética ambiental, que nos ocupa nesta xornada de estudio, céntrase pre-

cisamente na análise e fundamentación das accións do home en relación ó medio que o rodea. E esta análise non é precisamente dodata porque a ética do vivo, dos seres vivos, non é senón a **Ética do complexo**.

Sinala Morin que “La ética no es siempre evidente, es decir simple. No escapa a la complejidad antroposocial (...) La ética no puede superar la complejidad, no puede más que trabajar con la complejidad, es decir, con la pluralidad, la contradicción, la incertidumbre.”

As formulacións de Ética ambiental reducen o debate a confronta-la posición moral denominada antropocentrismo coa denominada biocentrismo. O biocentrismo culpa ó antropocentrismo de recolle-la ética tradicional, froito da cal se xustifica o dominio do home sobre a natureza, considerando a mesma esencialmente como recurso ó servizo do desenvolvemento humano. Os defensores do biocentrismo defenden así unha nova ética sustentada en ideas como “estar na natureza” e “comunicarse con ela como suxeito”.



A marabilla Escultura do claustro da Abadía de Saint-Michel Século XVI O home forma un todo coa vide que plantou e mai coas uvas que recolle, representando así a unidade que debe manter coa natureza que o rodea *La naturaleza en el Arte*, ed. Argos, 1973

Estas ideas, base do denominado biocentrismo, son moi acertadas, e coido que todos podemos compartilhas. Sen embargo, como dí a sabedoría popular, "unha cousa é predicar e outra dar trigo".

Desde posicións filosóficas todos podemos coincidir en ideas tales como as que presentan Devall e Sessions no seu libro *Ecología profunda*, Torino (Italia), 1989. Estas ideas, contrapostas

polos autores ó que denominan “Cultura dominante”, son:

- Harmonía coa natureza fronte ó dominio sobre a natureza.
- Toda a natureza ten un valor intrínseco fronte a que o ambiente natural é un recurso para o home.
- Necesidades materiais simples fronte ó crecemento económico polo aumento da poboación humana.
- Recursos limitados da Terra fronte á crenza na abundancia dos recursos.
- Tecnoloxía e ciencia non dominadora fronte ó progreso e as solucións de alta tecnoloxía.
- Sobriedade e reciclaxe fronte ó consumismo.

Insisto en que estas ideas poderían ser compartidas por todos. Agora ben, a Ética ambiental é unha ciencia fundamentalmente práctica xa que estudia os actos humanos. Non se pode proponer por iso unha ética etérea desligada da vida, que ignore as posibilidades e realidades do mundo económico e social. Unha ética que pretendía, en expresión gráfica, “dete-lo reloxo da historia”.

A Ética ambiental que propoñamos debe estar profundamente arrai-

zada nos problemas reais das persoas, en dar solucións para que mellore efectivamente a calidade de vida das persoas con actuacións de desenvolvemento socioeconómico compatíbles coa preservación e mellora do medio natural.

A sociedade española non pode seguir permitindo que a bombardeen a cotío con formulacións demagóxicas de visionarios que falan, sen ter formación técnica nin científica abonda, de “solucións” para o que debería se-lo noso medio natural. Hai que fuxir das descualificacións xenéricas que sempre son moi fáceis de facer. Hai que fuxir das propostas de solucións sen comproba-la súa viabilidade.

Este relatorio pretende precisamente suscitar unhas ideas xerais prácticas para o desenvolvemento de políticas ambientais que sirvan de antesala ó debate posterior, máis concreto, que se suscitará ó trataren outros relatores as actitudes éticas en relación a bens ambientais concretos.

1. CUESTIÓNS PREVIAS DE POLÍTICA AMBIENTAL

Un dos políticos liberais británicos más radicais, Nicholas Ridley, xustificou a intervención estatal na política ambiental cunha metáfora contundente: “A contaminación, coma a fraude, é algo que impóns a outros contra da súa vontade, en busca dun

possible beneficio económico. É un mal para o cal o libre mercado non ofrece cura automática ningunha. Como a prevención da violencia e da fraude, o control da contaminación é, en esencia, unha actividade que o Estado, en canto protector do interese público fronte a todo interese particular, ha dirixir e regulamentar."

A moitos ecoloxistas pareceralles estranxo referirse ás árbores utilizando termos económicos. A idea mesma de atribuír un prezo ás belezas naturais é unha ofensa para as persoas que pensan que o mundo verde está máis alá de toda valoración.

Sen embargo, unha das mensaxes deste relatorio é que pensar no medio en termos económicos pode axudarnos a comprender os problemas que lle afectan.

É certo que cando os recursos naturais non teñen prezo e están desvalorizados son decote sobreexplotados. Cada vez que se experimentou con métodos de medición a subministración de auga doméstica, os ciudadáns pensárono dúas veces antes de conectarán o asperxidor do xardín ou de dárense un segundo baño. Se consideran que a auga é de balde, ou se pagan por ela unha suma ficticia, non ocorre o mesmo.

¿Por que non se fixan prezos, ou se fixan prezos tan baixos para os recursos naturais? Ás veces o motivo é

de índole cultural. Nos países islámicos, en moitos dos cales escasea a auga, os ciudadáns presentan importantes obxeccións de tipo relixioso ó pagamento polo que consideran un regalo de Deus. En moitos outros casos, a razón é que o recurso natural é propiedade de todos ou de ninguén.

Á hora de adoptar decisións en materia de política ambiental formúlanse, de entrada, dúas cuestións. Unha é "**¿debemos facer algo para corrixir isto?**"; e a outra: **de facérmolo, ¿de que xeito?**

A opinión pública solicita a miúdo algúin tipo de intervención ante problemas ambientais concretos. Daquela, como resposta á primeira pregunta, o goberno aceptará publicamente a existencia do problema e anunciará axiña estar disposto a solventalo sen se deter a considera-las consecuencias de tal compromiso. Estas decisións poden mellora-lo medio natural, pero non conducirán necesariamente a un medio más limpo, que pode conseguirse co mesmo investimento de diñeiro e esforzos. De aí que establecer prioridades en materia ambiental constitúa unha das tarefas prioritarias e más difíciles dos gobernos.

Podemos preguntarnos cál pode se-la achega dos científicos para resolver estas preguntas. No tocante á primeira, a contribución dos científicos pode ser importante pero limitada. Poden atinar



Martín de Vos (1532-1603), *A creación do mundo*, Biblioteca Nacional, París Separáronse as augas inferiores das superiores, as árbores e as flores poboan a Terra *La Naturaleza en el Arte*, ed. Argos, 1973

ó predici-las consecuencias dun dano continuado. Poderán dicírlles ós políticos que a contaminación incontrolada da auga pode provocar diversas enfermidades, e que o nivel do mar vaise elevar nun mundo máis quente, pero non poderán establece-lo custo de tales prexúizos e, moito menos, comparar tal custo co de emprender unha acción determinada para os previr.

Así, os científicos non están capacitados para dicir: "sería unha pena

non protexer varios exemplares desta especie, pero polo prezo que custaría a súa protección poderían crearse cen hospitais e cen escolas". Sen embargo, estas compensacións, inda que son totalmente rexeitables para moitas asociacións ecoloxistas, son o pan noso de cada día dos políticos.

A segunda pregunta: "No caso de que debamos intervir, ¿de que xeito o faremos?", supón polo xeral modifica-lo comportamento humano, e esta é unha

cuestión que concirne a sociólogos e analistas políticos. É posible que os científicos xulguen que as reservas pesqueiras se reduciron dun modo alarmante debido á sobreexplotación dos recursos, pero nos lles compete a eles atopala maneira de convence-los pescadores para reduciren o volume da súa pesca.

Economistas e asociacións de ecoloxistas teñen planeamentos contrapostos. Mientras que os primeiros o fan tendo en conta custos e beneficios, as segundas tenden a se formula-los problemas en termos absolutos.

Para unha asociación ecoloxista non hai nivel de contaminación aceptable, mentres que un economista pensa que se cadra sexa máis sensato tolerar certo nivel de contaminación antes que tratar de eliminarla a calquera prezo, tendo en conta en todo caso que determinados tipos de contaminación deben ser eliminados totalmente pola súa alta perigosidade.

En definitiva, a mellora do medio require que os gobernos sexan conscientes dos custos e beneficios das súas políticas ambientais, co fin de desenvolver políticas realistas lonxe de formulacións demagóxicas e utópicas que non poden poñerse en marcha.

2. A VALORACIÓN DOS RECURSOS NATURAIS

Valorar economicamente os recursos naturais significa poder contar

cun indicador da súa importancia no benestar da sociedade que permita comparalos con outras posibilidades alternativas. Para isto non contamos con outro denominador común senón o diñeiro, que nos permita realizar unha valoración monetaria.

Os elementos para proceder a esta valoración son as distintas respostas a tres preguntas: ¿Que dá valor ós recursos naturais?, ¿quien expresa estes valores? e ¿como se expresan estes valores?

En relación á primeira interrogaante, danse dúas posicións. A primeira implica unha ética naturalista para a cal a natureza ten un valor intrínseco, ten valor de seu. A segunda, sen embargo, responde a unha ética antropocéntrica, segundo a cal o que confire valor ás cousas é a súa relación co ser humano. É o ser humano o que lle dá valor á natureza e ó medio en xeral. A maior parte dos economistas sitúanse nesta segunda posición.

A seguinte cuestión é ¿quien dá valor ós recursos naturais? ou, dito doutro xeito, ¿de quen son os recursos naturais e o medio en xeral? Este aspecto suscita unha problemática cada vez maior, na medida en que as actividades contaminantes se orixinan nun país e afectan a outros (a contaminación atmosférica, os vertedoiros tóxicos, a extracción de materias primas, etc.). Neste punto é importante o debate



A madeira, Un colossal incendio, en agosto de 1996, converteuse nun dos lumes más intensos e devastadores, chegando mesmo a estenderse ó estado de Oregón e atravesando o lume a ladeira da montaña Ed Blume, 1978

internacional que se desenvolveu en 1992, en Río de Xaneiro, sobre o intento de declarar patrimonio da humanidade os bosques tropicais, e que foi rexeitado polos países subdesenvolvidos.

Xorden fórmulas de compensación económica que permiten preservar un patrimonio común sen reducirlas posibilidades de desenvolvemento dos países máis atrasados. Así, o establecemento de cotas transferibles nas emisións de CO₂ á atmosfera entre estados ou o troco de débeda por naturaleza a cambio da preservación de determinadas zonas de bosque tropical.

A terceira das cuestións, “¿como se expresan estes valores?”, pregunta cál debería se-lo mecanismo adecuado para a manifestación destas preferencias.

Preténdese descubrir cómo actuaría o individuo en presencia dun mercado hipotético no que se ofrecese o dito ben ou cómo o valora indirectamente a través dalgún mercado subrogado. Este formulamento, sen embargo, leva consigo unha serie de problemas en relación co medio, como o das xeracións vindeiras, que esixiría a introducción dunha “taxa de desconto” para actualiza-los custos ou beneficios que aparecen no futuro e poder calcula-lo seu valor presente.

A taxa de desconto sería igual ó custo marxinal de oportunidade do capital, é dicir, á taxa de rendemento

que se podería obter investindo o capital na mellor das alternativas posibles. Sen embargo, a adopción dunha taxa de desconto elevada supoñería sacrificalo benestar das xeracións futuras polo beneficio presente.

Clark, por exemplo, mantén que cunha taxa de desconto elevada resultaría racional explota-las baleas ata o seu esgotamento, incluso se pertencesen a un só axente, por unha simple cuestión de rendibilidade e de custo marxinal de oportunidade do capital investido.

Estes problemas levaron ó seu intento de corrección a través do denominado benestar colectivo, como suma dos niveis de benestar individuais. Os representantes sociais elixidos polos individuos tomarían as decisións sobre preferencias dos individuos como membros da sociedade e a través das súas normas sociais.

Se entendémo-lo desenvolvemento sostible como a busca dun nivel de benestar que poida ser herdado por tódalas xeracións futuras, xorden dúas condicións para conseguir tal propósito: a eficiencia intertemporal na explotación dos recursos ambientais e a equidade entre xeracións.

Para acadarmos este obxectivo deberíamnos ser quen de garantí-la conservación dunha reserva de capital natural constante, de xeito que os programas

de investimento e desenvolvemento non conduzan á desvalorización do stock de recursos naturais existentes.

Con esta finalidade, trataríase de introducir un conxunto de "proxectos sombra", co obxectivo de corrixiren ou compensaren os efectos negativos dos proxectos de investigación que degradan o medio natural.

Non existe unha incompatibilidade entre ecoloxía e mercado, máis ben a economía ambiental introduce non só rigor na construción e tratamiento das relacións entre economía e medio natural, senón unha panorámica más precisa dos custos e dos prexudicados, así como dos beneficios e beneficiarios das distintas alternativas.

O mercado ten indubidables vantaxes para a solución de determinados problemas; a través dos seus instrumentos económicos, constitúe a forma más eficiente de conseguir uns obxectivos ambientais fixados previamente pola sociedade.

3. OS DEREITOS DE PROPIEDADE

A continuación da análise realizada sobre a necesaria valoración dos recursos naturais, trataréi dun aspecto que considero tamén de grande importancia no adecuado desenvolvemento dunhas políticas ambientais realistas e eficaces: os dereitos de propiedade.

O dereito de propiedade constitúe un dos dereitos naturais recoñecidos unanimemente polos filósofos do dereito e que se xustifican na medida en que outorgan á persoa as bases materiais para se desenvolver na sociedade; bases materiais como a seguridade, a estabilidade e a liberdade no exercicio dos seus dereitos.

É coñecido, sen embargo, que o dereito de propiedade non é un dereito absoluto que permita o abuso dos bens, tal e como se entendía erroneamente no dereito romano, senón que sobre a propiedade recae unha hipoteca social, unha función social.

Igualmente, e verbo do que aquí nos importa salientar, non se debe confundir la función social da propiedade privada co interese xeral que a propiedade pública tende a satisfacer. Semella claro que a propiedade privada non está destinada a contribuír -como a pública- á mellora xeral e completa das condicións económico-sociais da enteira colectividade. Non persegue, en efecto, o uso ou servizo público ó que si están destinados os bens de dominio público.

A Constitución Española recoñece este dereito natural da persoa no artigo 33.1. A continuación, no 33.2 establece que a función social delimitará o seu contido de acordo coas leis, e no 33.3 prohíbe a privación da propiedade agás por causa xustificada de utilidade

pública ou interese social mediante a correspondente indemnización.

Os dereitos de propiedade constrúten un aspecto esencial no deseño de calquera política ambiental nun dobre sentido. Dunha parte, o respecto á propiedade privada xa existente sobre os escasos recursos naturais susceptibles áinda de titularidade privada. Doutra, a tendencia ó establecemento de cotas ou dereitos de propiedade sobre os bens ambientais de dominio público.

A maioría dos recursos naturais son de dominio público. Así, o aire, as augas superficiais e subterráneas, os minerais e hidrocarburos, as praias, o mar territorial, os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental. A máis recente incorporación en España ó dominio público foron as augas subterráneas, mediante a Lei de Augas 29/1985 do 2 de agosto.

Respecto ás augas subterráneas, xa comentabamos en 1985 (*Revista de Administración Pública*, 108) que áinda sendo fases dun mesmo ciclo hidrolóxico as augas subterráneas e mailas superficiais, as subterráneas requiren un tratamento xurídico diferenciado, e que para conseguir unha xestión adecuada das mesmas importa, máis cá titularidade da auga, a capacidade de control, vixilancia e ordenación.

Propiedade privada de recursos naturais encontramos en relación prin-

cipalmente a montes ou terreos forestais, e a terreos incluídos en espacios naturais protexidos.

É aquí onde entran cuestiós éticas con respecto ó deseño e execución das políticas forestais e políticas de protección de espacios naturais.

No tocante ás políticas forestais, atopámonos con que un 66% dos montes son de propiedade privada e, sen embargo, escotamos a miúdo propostas de política forestal desde os máis variados ámbitos e asociacións que propugnan a conveniencia dun aumento da propiedade pública.

Ata observamos propostas nas que se fala de "minimizar la importancia de la propiedad forestal en el futuro", para consegui-lo obxectivo dunha xestión forestal sostible (Informe Infored, 1996).

Na tramitación parlamentaria no Congreso dos Deputados en 1995, da Proposición de Lei sobre montes e aproveitamento forestais, tamén se puxo de manifesto esta tendencia por parte dos grupos parlamentarios do PSOE e IU en relación ó artigo da lei sobre as compensacións económicas polas limitaciós á propiedade debido a razóns ambientais.

Este artigo consideraba, por primeira vez en España, a obriga de compensar economicamente ós propietá-

rios de montes, polas posibles rendas deixadas de obter ó limitar ou prohibir determinadas facultades de uso ou aproveitamento da súa propiedade.

Sen embargo, foi obxecto de emenda por parte do PSOE e IU no sentido de non o considerar como unha obriga para as administracións, senón como unha mera posibilidade, alegando que en moitas ocasións xa é compensación abonda para os seus propietarios a mera posesión destes bens de gran valor ambiental.

E aquí xorde entón a pregunta: ¿é ético considerar que a propiedade dun monte non debe seguir as mesmas regras de valoración e limitación que a propiedade dun inmóvel ou dun terreo rústico? ¿É ético non indemniza-lo propietario dun monte polas limitacións establecidas na leis forestais ás súas facultades de uso e disposición?

Precisamente, unha errónea e desatinada política forestal que deixa na marxe os propietarios forestais levou a unha desvalorización dos montes e a un abandono dos mesmos coa consecuencia dos incendios forestais, como a meirande catástrofe ambiental dos últimos quince anos en España.

E esta política á marxe da propiedade levouse á práctica tamén en relación á declaración de espacios naturais, coa conseguinte aprobación dos

planos rectores de uso e xestión prohibitivos mesmo dos usos tradicionais naqueles espacios.

Un estudio realizado sobre esta cuestión é moi elocuente en canto á relación cos incendios forestais nestes espacios naturais. Así,

- un 83% das entrevistas realizadas revelan que a declaración dun espacio natural é orixe dalgún tipo de malestar social.

- Un 61% contesta que a declaración dun espacio natural crea unha situación de perigo de incendios e que se poden relacionar ámbolos feitos en moitos casos.

- Un 83% contesta que as limitacións de uso son causa orixinal de incendios forestais intencionados.

- Un 78% responde que existe a motivación de intencionalidade incendiaria derivada da declaración ou xestión de espacios naturais.

Este malestar social prodúcese por unha serie de factores que levan a que os veciños propietarios dun espacio natural teñan a idea de que o mesmo prexudica os seus intereses:

- A consideración de que a creación da zona protexida suporá un control coercitivo ante os aproveitamentos tradicionais de gandería, caza, leña

ou calquera outro uso puntual e necesario para a súa vida normal.

- O predominio da conciencia de que a Administración únicamente porá barreiras ás aspiracións de prosperidade económica, sen ningún tipo de compensación por habitar nunha zona de interese conservacionista.

- O rexemento xeral que se produce pola falta de información para os efectos de entendemento do binomio conceptual conservación do contorno / desenvolvemento dos pobos.

A conclusión, evidente por outra banda, do estudio realizado é que na declaración e primeiros anos de xestión dos espacios protexidos en España, primou o concepto de protección a toda costa e custo dos veciños, sobre o de permanencia do aproveitamento sen a busca de alternativas de desenvolvemento socioeconómico para os veciños.

De feito, observouse que casos moi complicados cun risco de incen-

dios moi alto, superáronse gracias ó coñecemento das compensacións que serían aceptadas.

4. CONCLUSIÓN

En definitiva, mediante este relatorio quixemos destaca-la importancia que na mellora do medio natural pode te-la adopción de criterios de valoración económica dos recursos naturais, así como a necesidade de ter moi en conta os dereitos de propiedade sobre os recursos naturais co fin de evitar precisamente danos maiores, que é loxicamente o contrario do que se pretende conseguir no deseño e execución das políticas ambientais.

Fuxir do maniqueísmo fácil entre antropocentrismo e biocentrismo ó que asistimos frecuentemente é un san exercicio de seriedade e de rigor intelectual se pretendemos ofrecer e proponer desde a ética ambiental solucións viables e posibles que conduzan a unha mellora do medio e da calidade de vida das persoas.

